<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Fontes de enerxía renovables e non renovables. - Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá. - Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco

Contidos

- seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Principios metodolóxicos, poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar. Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación.

A aprendizaxe competencial persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais. As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; hai flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e encontren actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso, que logran día a día. A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade baséase na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe. Se promoven estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro. Consideralo progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxanse ao finalizar as interaccións orais, de

forma grupal e cunha linguaxe alcanzable e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrixir os fallos porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade deste.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Hai actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do mesmo neno e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, a Educación Artística, as Matemáticas, a Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servilo para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, para estes efectos, paradigmático).

Fomenta a curiosidade e o desexo de descubrir novas ideas e técnicas para a expresión artística. Coa finalidade de promover a creatividade e ofrecer modelos. Contribuír aos proxectos individuais e en grupo.

Plantexar a realización de proxectos. É bo fomentar o traballo globalizador con proxectos nos que o alumnado recolla información con imaxes, textos escritos e despois traballe en grupo e individualmente.

Metodoloxía comunicativa. O obxectivo é a inmersión na lingua inglesa. Plántexase o acercamento progresivo á lingua estranxeira.

É importante ter en conta as distintas capacidades que entran no xogo da aprendizaxe. Se traballa a atención, a concentración, a memoria, expresión lingüística e a motivación de logro e a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (Dúas columnas, A pelota, Tea de araña, Opinións enfrontadas, Páxinas amarelas,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lectura compartida, Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio, Xogo de palabras, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais
Abalar móbil
Programa de videoconferencia webex
Aula virtual do centro
Aula virtual de Santillana
Blogue de aula. (obloguedaclase.blogspot.com)

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, circuitos eléctricos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino, Makey-Makey...), Chromakey, etc.

RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (Santillana) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch ou Scratux, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe. O blogue da aula será parte dos recursos tecnolóxicos.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

-Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

- Describir as características básicas dos elementos do medio natural de forma oral ou escrita, empregando rutinas de pensamento como "Dez veces dous".
- Identificar os diferentes tipos de ecosistemas a través de imaxes, empregando o Plickers.
- Actividades de comprensión e expresión oral e escrita sobre a contaminación e a importancia do coidado do planeta.
- Busca de información guiada empregando diferentes fontes de información en formato impreso ou dixital.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	20	20	15	15	15	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase e o comportamento.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

$$\text{NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD1} + \text{NOTA UD2}) / 2$$

$$\text{NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD3} + \text{NOTA UD4}) / 2$$

$$\text{NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD5} + \text{NOTA UD6}) / 2$$

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 20%. Lista de Cotexo: 20%.

UNIDADE 2: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 20%. Lista de Cotexo: 20%.

UNIDADE 3: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 20%. Lista de Cotexo: 20%.

UNIDADE 4: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 20%. Lista de Cotexo: 20%.

UNIDADE 5: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 20%. Lista de Cotexo: 15%. Escala de observación: 5%

UNIDADE 6: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 20%. Lista de Cotexo: 15%. Escala de observación: 5%

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.35 + nota 2ª avaliación x 0.35 + nota 3ª avaliación x 0.3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 60% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 40%.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta...

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.		X	X	X		
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X			
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.					X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller
Roteiro polas Fragas do Eume	Para ver o ecosistema dun Parque Natural
Concerto Didáctico	Selección de obras
Visita á Santiago de Compostela	Visita á catedral, museo do pobo galego, Alameda.

Observacións:

Participaremos en todas aquelas actividades complementarias e extraescolares que favorezan o desenvolvemento das capacidades do alumnado e contribúan á súa preparación para vivir en sociedade e lles axuden a completar a súa faceta formativa.

Complementarán a aprendizaxe dunha serie de normas de convivencia, de hábitos de actitudes individuais e colectivas, ademais de ampliar os contidos teóricos que se imparten nas distintas áreas, favorecendo un maior acercamento á realidade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.

Actividades adecuadas.
Estilo de ensinanza.
Rol do docente.
Temporalización.
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade.
Motivación do alumnado.
Procedementos de avaliación.

Descrición:

En cada sesión de avaliación o equipo de nivel avaliará os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Reflexionarase acerca de:

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
15. Adecuación, logro da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos,

estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan. Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Poderemos levar a cabo oó longo do curso, entre outras: a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- ¿ Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- ¿ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- ¿ Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- ¿ Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- ¿ Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- ¿ Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- ¿ Programas de recuperación.
- ¿ Programas específicos personalizados.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Levaranse a cabo oó longo do curso:

- ¿ Adaptacións curriculares.
 - ¿ Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- A concepción da escola como grupo humano implica a aceptación da diversidade do alumnado, que como parte dela, integran e enriquecen a labor educativa. Esta aceptación da diversidade, obxectivo clave da LOMCE, supónnos aos mestres unha análise e unha reflexión sobre o grupo de alumnos e alumnas, aceptando que cada un ten os seus propios intereses, capacidades e necesidades.

Sabendo o anterior, deseño estratexias que me garantan a atención á diversidade da aula. Por exemplo: modifico os tempos das actividades de aprendizaxe, adaptándoos aos ritmos de cada neno e axeitando a axuda pedagóxica, metodolóxica e as actividades ás características individuais dos nenos e nenas; realizando unha ensinanza individualizada co fin de establecer as medidas e recursos necesarios para a prevención e intervención específicas. Con carácter xeral deseño actividades de reforzo e ampliación, para reforzar ou ampliar as aprendizaxes dos alumnos/as.

Ademais do anterior teño presente que cada neno e nena do grupo ten unha serie de características e estilos de vida propios, que debo coñecer, respectar e facer respectar. Entra a necesidade de obter información sobre as situacións familiares dos meus alumnos/as e para elo emprego estratexias como entrevistas persoais, encontros informais nos momentos de entrada e saída sobre todo de aqueles nenos/as que veñen acompañados polos familiares á escola, xa que algúns empregan o transporte (a comunicación con estas familias a través de notas escritas, chamadas telefónicas...).

Co fin de concretar o conxunto de medidas de atención á diversidade, prescritas polo noso Proxecto Curricular de centro, relaciónanse a continuación os criterios e actuacións previstas para este curso.

Actividades de reforzo e apoio.

Ditas medidas poden requirir ou non adaptacións curriculares pois atenden dificultades de aprendizaxe en calquera área, asociadas ou non a discapacidade.

- 1.- Reforzo na aula e fora dela, por medio de mestres de apoi e de PT. Realízase, en horario habitual, modificando as súas estratexias didácticas para adecuar a súa resposta ás características concretas de cada alumno, dispoño de adaptacións nas actividades Dentro da aula ordinaria, durante o horario normal da materia obxecto de apoio, individualizando as explicacións

dadas ao grupo-clase, resolvendo dúbidas, avaliando actividades concretas, ...

En todo caso, o seguimento de calquera das modalidades descritas, contará con colaboración do Departamento de Orientación, facilitando exemplificacións concretas de adaptación curricular, o material de programación e organizativo adecuado, prestando a axuda técnica necesaria e asesorando todo o proceso.

Sobre ditas medidas o mestre informarán tanto ao alumnado afectado por elas coma os pais, sendo estes últimos quen, en última instancia deberán dar conformidade ao proceso a seguir.

- As adaptacións curriculares

O proceso a seguir para a elaboración das adaptacións curriculares consiste en:

1º.- Precisar o referente curricular básico, é dicir, explicitar que capacidades dos obxectivos xerais de área e etapa son os máis básicos, dando especial importancia aos procedimentais ou instrumentais da materia.

2º.- Valorar as competencias curriculares do alumnado, é dicir, o que é ou non capaz de facer respecto das anteriores referencias curriculares.

3º.- Proposta curricular que debe cursar o alumno/a:

¿ Concretar os obxectivos que se espera que consiga o alumno/á o finalizar a etapa. O que permitira priorizar, destacar, mesmo substituír uns obxectivos por outros que permitan un axuste máis realista á situación do alumnado.

¿ Secuenciar os contidos e obxectivos determinando aproximadamente o tempo en que se desexa que o alcance o alumnado.

¿ Establecer os criterios de avaliación, considerando sempre que sexa posible os establecidos no proxecto curricular da etapa e os criterios de promoción.

¿ Determinar as actividades de ensino/aprendizaxe que aseguren a consecución dos obxectivos e o acceso aos contidos programados.

¿ Establecer o tipo de axuda.

¿ Se algún alumno non consegue a obxectivos da área, se especificará as medidas de apoio, e no seu caso, de adaptación curricular elaborandoas, no seu caso, en colaboración co Departamento de Orientación. Este informe estará referido ao grao de dominio dos obxectivos programados da materia, proposta e funcionamento das medidas de apoio e a adaptación curricular proposta ou adoptada.

A este respecto, convén lembrar que as funcións que competen aos diferentes órganos de coordinación docente do centro son:

¿ Corresponde ao Departamento de Orientación elaborar a proposta de criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares e elevala á Comisión de Coordinación Pedagóxica para a súa discusión e posterior inclusión nos proxectos curriculares de etapa.

¿ Corresponde ao Departamento de Orientación colaborar cos profesores, baixo a dirección do xefe de estudos, na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe, e na programación e aplicación de adaptacións curriculares dirixidas aos alumnos que o precisen, entre eles os alumnos con necesidades educativas especiais.

¿ Corresponde ao profesorado de apoio asesorar e participar na prevención, detección e valoración de problemas de aprendizaxe, nas medidas de flexibilización organizativa, así como na planificación e no desenvolvemento das adaptacións curriculares dirixidas aos alumnos con necesidades educativas especiais.

¿ Corresponde ao profesorado de apoio elaborar a proposta de criterios e procedementos para as adaptacións curriculares e realizar actividades educativas de apoio para alumnos con necesidades educativas especiais, en situación de desvantaxe social ou ben a aqueles que presenten dificultades de aprendizaxe, ben directamente ou a través do asesoramento e colaboración co profesorado, cando a especificidade dos contidos ou outras circunstancias así o aconsellen.

¿ Os mestres/as das especialidades de PT e AL atenderán de forma prioritaria aos alumnos/as con NEE,

fundamentalmente nos ámbitos sociolingüísticos e matemáticos e colaborarán co titor do grupo de referencia no desenvolvemento das funcións tutoriais destes.

¿ A PT e/ou AL xunto co titor e os profesores que imparten docencia ao alumno, realizarán anualmente unha Adaptación Curricular Individualizada (ACS) con seguimento trimestral. Este documento arquivarase no expediente académico do alumno. Ao termo de cada avaliación trimestral achegarase ao boletín de cualificacións unha valoración cualitativa do progreso do alumno con relación aos obxectivos propostos na ACS.

9. Outros apartados